



Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Real Academia Galega polo que se instrumentan as subvencións nominativas para accións culturais e de investigación lingüística e para investimentos e se regula o seu réxime de libramentos con cargo aos orzamentos 2023

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizará coa Real academia Galega, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Real academia Galega para instrumentar o financiamento de parte dos gastos correntes da Real Academia Galega, así como a realización dos proxectos e traballos que, dentro da súa programación anual, leve a cabo en materia de normalización do idioma galego de acordo co que establecen os seus estatutos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que ambas entidades son conscientes da importancia que ten a aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, onde se recoñece que o galego e a lingua propia de Galicia, que os poderes públicos garantirán o seu uso normal como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega e que adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón da lingua.

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponde a promoción e o ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, consonte ao Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería.

As partes asinantes deste convenio manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa



finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades considera esencial apoiar iniciativas que respondan a obxectivos de interese social e que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega especialmente no ámbito en que desenvolve a súa actividade a Real Academia Galega que é unha institución científica que ten como fin primordial o estudo da cultura galega e especialmente a ilustración, defensa e promoción da idioma galego.

Que pola singularidade do seu obxecto, que persegue unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolven ao abeiro do convenio e por ser a citada entidade a única destas características en Galicia, non resulta posible promover a concorrència pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase telematicamente esta memoria, en Santiago de Compostela.

